



# Foro Territorio Rural Resiliente

## PLAN DE ACCIÓN DA ALIANZA PARA UN TERRITORIO RURAL RESILIENTE

ORGANIZA



Fundación  
Juana de Vega

USC LABORATE  
LABORATORIO DO TERRITORIO

COLABORA



FUNDACIÓN  
ROBERTO RIVAS



COLEXIO  
PROFESIONAL  
DE XORNALISTAS  
DE GALICIA

RIA



## ***Plan de Acción Inicial***

### ***Instrumento operativo da Alianza para un Territorio Rural Resiliente para a posta en marcha de iniciativas concretas***

A *Alianza para un Territorio Rural Resiliente* é unha rede aberta e inclusiva de persoas, entidades, profesionais, administracións, organizacións territoriais, centros de coñecemento e iniciativas privadas que comparten a necesidade de avanzar cara a unha ordenación e xestión máis activa, sostible e corresponsable do territorio rural galego.

O **Plan de Acción** é o **instrumento operativo da Alianza**, pasando da proposta de bases do Foro á **posta en marcha de iniciativas concretas**. Organízase **arredor de Grupos de Acción** vinculados aos principais ámbitos de traballo identificados no Foro, e recolle **actuacións realistas, activables no curto prazo, e impulsadas por unha ou varias entidades** promotoras, coa posibilidade de incorporar outras entidades colaboradoras.

Crearanse Grupos de Acción arredor das actuacións seleccionadas, cunha **entidade coordinadora**, un **pequeno equipo impulsor** e unha **primeira reunión de traballo**.

Os **Grupos de Acción** son **espazos operativos de colaboración da Alianza, para facilitar o paso das propostas estratéxicas á acción**. Cada grupo reúne entidades para **intercambiar experiencias e iniciativas** que teñan en curso, buscando sinerxías, **poñendo en común as súas capacidades para desenvolver actuacións concretas, e mobilizando novos recursos e fontes de financiación**.

A dedicación mínima para coordinar/xestionar un grupo de acción estímase en 14-18 persoas-día por ano, sen incluír os tempos dedicados a actuacións concretas.

**As actuacións son iniciativas concretas** impulsadas no marco de cada Grupo de Acción. Inicialmente responden a unha ou varias medidas da proposta de bases da Alianza. Formúlanse de maneira suficientemente operativa (cun obxectivo, resultado ou produto esperado, entidades impulsoras, entidades colaboradoras, prazo inicial e primeiros pasos). Inícianse no curto prazo, ben con recursos propios das entidades participantes, ben mediante recursos facilmente mobilizables.



| Concepto               | Que é                                                                                                                                 | Para que serve                                                          |
|------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------|
| <b>Grupo de acción</b> | Espazo de coordinación arredor dun tema ou ámbito de traballo relacionado (inicialmente) coas medidas da proposta de bases da Alianza | Organizar cooperación, definir e orientar actuacións e facer seguimento |
| <b>Actuación</b>       | Acción concreta dentro dun grupo de acción                                                                                            | Producir un resultado ou produto específico no curto/medio prazo        |

## GRUPO DE ACCIÓN 1. DIÁLOGO E COOPERACIÓN COAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

Entidades impulsoras: Fundación Juana de Vega, USC\_Laborate, Fundación RIA, Fundación Roberto Rivas e Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia.

Este grupo terá como obxectivo promover a interlocución e a cooperación coas administracións públicas con competencias naquelas liñas estratéxicas que requiren compromiso político, coordinación institucional ou cambios normativos, orzamentarios e de planificación. A súa función será identificar prioridades compartidas, trasladar propostas concretas e facilitar que a alianza conte co respaldo público necesario para avanzar en medidas que non poden depender unicamente da iniciativa privada ou social.

**Actuación 1: Diálogo e cooperación coas administracións públicas en ordenación de usos agroforestais e planificación rural**

**Actuación 2: Diálogo e cooperación coas administracións públicas en mobilización e recuperación da terra agraria e xestión activa do espazo agroforestal**

**Actuación 3: Diálogo e cooperación coas administracións públicas en remuda xeneracional e emprendemento rural**

**Actuación 4: Diálogo e cooperación coas administracións públicas en vivenda e servizos no medio rural**

## GRUPO DE ACCIÓN 2: APOIO TÉCNICO, COLABORACIÓN, DINAMIZACIÓN E CREACIÓN DE REDES DE INICIATIVAS AGRARIAS

Entidades impulsoras: Fundación RIA

**Actuación 1: Rede de colaboración e apoio técnico entre iniciativas territoriais de xestión activa do territorio**



Impulso dunha rede de colaboración e apoio técnico entre iniciativas territoriais de xestión activa do territorio que permita compartir aprendizaxes e fortalecer a capacidade colectiva de innovación a través de formación, acompañamento e busca de financiación para dotar de recursos aos axentes dinamizadores das mesmas (asociacións de veciños, MVMV, concellos, etc). Esta acción poderá apoiarse en redes xa existentes: Ruractiva, Rede de Áreas Conservadas por Comunidades Locais, Movegandex...

**Actuación 2: Mapeo e creación da Rede de Mentores Agroforestais en colaboración coa rede de Polos de emprendemento e apoio ao emprego.**

**Actuación 3: Difundir boas prácticas e casos replicables de mobilización e xestión activa do espazo agroforestal a través do Foro**

**Actuación 4: Apoio a proxectos piloto de gobernanza e xestión territorial.**

Convocatoria para identificar e apoiar proxectos piloto de gobernanza e xestión territorial con capacidade de aprendizaxe e réplica noutros territorios, especialmente aqueles que ensaíen fórmulas de coordinación supramunicipal e colaboración entre administracións, comunidades locais e outros axentes do territorio.

Os proxectos deberán estar adaptados á realidade local e promover modelos multifuncionais que combinen actividade produtiva, conservación ambiental, prevención de incendios e cohesión social.

A actuación incluírá a busca de financiamento, o acompañamento técnico e a integración das iniciativas nunha rede de intercambio de coñecemento, co apoio de universidades, observatorios e entidades colaboradoras para documentar, avaliar e difundir os resultados.

### **GRUPO DE ACCIÓN 3: REMUDA XERACIONAL NO AGRO**

Entidades impulsoras: Fundación Roberto Rivas

**Actuación 1: Creación dunha plataforma online de recursos de apoio á incorporación agraria, especialmente dirixido ás persoas novas entrantes**

Dende fai uns poucos anos téñense impulsado diversas iniciativas de apoio á incorporación na agricultura, con diferente alcance, que viñeron a complementar medidas de apoio clásico á incorporación agraria. Algunhas delas comezan a prestar atención específica ao perfil de persoa nova entrante ou novo/a agricultor/a. Porén, na maioría dos casos trátase de accións puntuais, con pouca continuidade no tempo, ou limitadas a un sector ou ámbito territorial determinados.

Esta actuación pretende inventariar, organizar e visibilizar, a través dunha plataforma online que se manteña actualizada, o maior número posible de recursos e instrumentos dispoñibles para apoiar ás persoas que queren iniciar unha actividade agraria e, tamén, para capacitar e fortalecer a aquelas persoas e entidades que lles están a prestar axuda.



## **Actuación 2: Impulso da 'Rede galega de apoio á remuda agraria'**

A remuda xeracional agraria é un proceso multi-dimensional que precisa da contribución de múltiples actores, cuxa colaboración determina a capacidade real de ter impacto.

Propónse impulsar a 'Rede galega de apoio á remuda agraria', que integre a aquelas persoas e entidades que están a contribuír, ou pretenden facelo, aos procesos de remuda agraria. A Rede é un mecanismo para que os axentes que traballan nesta materia se identifiquen, se establezan canles de comunicación entre eles e senten as bases para posibles colaboracións e accións conxuntas, a nivel estratéxico ou en campo. É o marco relacional sobre o que se debe alimentar a plataforma da actuación 1.

## **GRUPO DE ACCIÓN 4: ORDENACIÓN DE USOS AGROFORESTAIS**

Entidades impulsoras: Laboratorio do Territorio - USC

### **Actuación 1: Asesoramento e elaboración dos documentos técnicos do Catálogo de solos agropecuarios e forestais para Administracións locais interesadas**

A actuación consiste en colaborar con calquera concello ou administración interesada na elaboración dun Catálogo de solos agropecuarios e forestais, ou en calquera outro instrumento de ordenación de usos agroforestais, achegando o traballo técnico, os procedementos e as ferramentas necesarias para a análise técnica, así como a redacción dos documentos técnicos finais. Ademais, colaborarase no impulso de procesos participativos que garantan a implicación dos actores locais e permitan capturar o coñecemento local e as preferencias da poboación. A través do Grupo de Acción tratarase de activar proxectos piloto de ordenación local, procurando alianzas coa administración municipal, comunidades de montes, entidades agrarias e outros axentes do territorio que permitan avanzar cara á súa formalización institucional e posterior execución.

## **GRUPO DE ACCIÓN 5: REFORZO DE CADEAS DE VALOR LOCAIS**

Entidades impulsoras: Por definir

### **Actuación 1: Canles de compra pública de proximidade**

Promover a adaptación dos pregos de contratación e cláusulas administrativas en colexios, hospitais e residencias da contorna comarcal (Xunta e Concellos) para facilitar de forma efectiva a entrada de pequenas agrupacións de produtores locais nestas licitacións.

### **Actuación 2: Deseño de Espazos Comunitarios de Transformación Alimentaria:**

Traballar man a man coas asociacións de produtores e concellos no deseño e posta en marcha de instalacións compartidas ou obradoiros de transformación local (coas debidas



garantías sanitarias). Isto permitiralle a pequenos produtores dar valor engadido á súa materia prima sen incorrer en custos individuais inasumibles.

#### **GRUPO DE ACCIÓN 6: ENFOQUE AGROECOLÓXICO, SERVIZOS ECOSISTÉMICOS E SOSTIBILIDADE AMBIENTAL**

Entidades impulsoras: Fundación Juana de Vega

**Actuación 1: Establecemento de esquemas de pagos por servizos ecosistémicos.**

**Actuación 2: Catálogos de boas prácticas para sistemas agrarios multifuncionais**

#### **GRUPO DE ACCIÓN 7: COMUNICACIÓN E CONCIENCIACIÓN SOCIAL**

Entidades impulsoras: Colexio profesional de xornalistas de Galicia

**Actuación 1: Rede de xornalistas e comunicadores para mellorar a comunicación sobre o rural.**

**Actuación 2: Programa de espazos de encontros no rural.**

Impulsar un programa de visitas e experiencias prácticas en comarcas rurais que conecten poboación local, empresas, administracións, xornalistas, creadores de contidos para redes sociais e entidades sociais. Búscase achegar á cidadanía á realidade produtiva, ambiental e social do rural a través de explotacións agrarias, montes, hortas, proxectos produtivos e iniciativas de xestión territorial. Estas accións poderán materializarse mediante encontros, obradoiros, feiras, actividades educativas, programas de intercambio ou eventos comunitarios.

**Actuación 3: Programa piloto de sensibilización en centros educativos (ESO e FP).**

Deseñar de xeito conxunto programas piloto en institutos rurais e centros de FP non agraria para reorientar a percepción do alumnado cara o rural como un medio moderno e con nichos de emprego viables. Pódese facer en colaboración coa Rede de polos para o emprendemento, que xa dispón dunha serie de sesións deseñadas para isto, ampliando este contido ou ofrecéndoo como un bloque separado.

#### **GRUPO DE ACCIÓN 8: ACCESO A VIVENDA NO RURAL**

Entidades impulsoras: Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

**Actuación 1: Creación de bolsas ou bancos de vivendas rural para facilitar o acceso a vivenda a traballadores vencellados a proxectos agrarios.**

**Actuación 2: Revisión normativa e licenzas de vivenda.**



## *PLAN DE ACCIÓN INICIAL*

Establecer un grupo de traballo técnico intermunicipal (Concellos e Xunta) para elaborar un informe e unha proposta de flexibilización e simplificación na tramitación de licenzas de construción, rehabilitación e cambio de uso de inmobles no rural para fixar poboación



# Foro Territorio Rural Resiliente

SANTIAGO DE COMPOSTELA 28/05/26

ORGANIZA  **Fundación  
Juana de Vega**

**USC** **LABORATE**  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA LABORATORIO DO TERRITORIO

COLABORA  **FUNDACIÓN  
ROBERTO RIVAS**

 **COLEXIO  
PROFESIONAL  
DE XORNALISTAS  
DE GALICIA**

**RIA**